

CHARLA RECICLAJE

O día 7 de Marzo, unha chica e un chico que pertencían a sede de reciclaxe de Arteixo, viñeron á clase de 6-B (e a outras clases) para explicar porque é importante reciclar.

Ensináronnos imaxes de zonas onde non reciclan, e non era moi agradable de ver. Dixerón datos interesantes como o que pasaría se non reciclamos. Un dos exemplos foi que os animais poden enredarse entre as redes, os plásticos... e tamén poden confundilas cun alimento, como no caso das tartanugas, que poden confundir un plástico cunha medusa.

Explicaron datos interesantes como que é o lixo ou que son os residuos. Ademais, dixerón que estes mesmos conceptos poden facer dano ao mar, ao aire, a terra... ou incluso a nós!

TAMÉN...

Explicaron como hai que separar o lixo nos distintos contedores que hai en arteixo; e así quedou a cousa:

VERDE - Vidro

AMARELO - Envases lixeiros

AZUL - Papel e cartón

MARRÓN - Residuos orgánicos

GRIS - O resto

TRES R

1. RECICLAR

2. REUTILIZAR

3. REDUCIR

4. REPARAR (añadida recentemente)

ADEMAIS...

Outro dato importante, foron os consellos que nos deron para que nun futuro, non haxa problemas en relación coa reciclaxe. Para finalizar, deronnos uns agasallos que foron unhas bolsas de tea (AMARELO - VERDE - AZUL) e tamén un folleto no que explicaba resumidamente o que contaron.